



presenta



**VÉRTICE** de **VERSOS**

“Si se pudiera extraer una media cualitativa de la poesía gallega –y algunos otros géneros–, sería superior a la que nos proporcionaría la poesía en castellano. Lo pienso, y lo digo”.

Antonio Gamoneda



VERTICE  
de  
VERSOS



presenta

un documental que repasa o fenómeno da poesía galega, con especial atención ás últimas décadas, aos seus protagonistas, ás novas formas de expresión poética e ás expectativas para o seu futuro.



# A IDEA

Non se coñecen proxectos audiovisuais que puxeran o seu punto de vista na poesía galega máis actual. Nun tempo no que conviven cinco xeracións de poetas, no que medra o recoñecemento exterior á poesía escrita en galego, no que se está a experimentar con novas formas de expresión poética e no que se están a facer esforzos para achegar a poesía á mocidade e aos lectores que menos se atreven cos versos, botábase en falta un documental que amosara o que en Galicia está a pasar.

Neste vértice xeográfico de Europa están a pasar feitos moi importantes relacionados coa poesía. Resulta necesario contalos.

# CONTIDOS

Os que interveñen en Vértice de Versos van repasando varios temas relacionados coa nosa poesía.

- situación actual da poesía galega
- un rápido repaso pola historia da nosa poesía
- a salientable presenza da muller na poesía feita en Galicia
- outras formas de expresión poética
- a videopoesía
- futuro da poesía galega

E ademais coñeceremos con máis detalle os inicios, os procesos creativos, as motivacións e o valor que lle conceden Baldo Ramos, Yolanda Castaño, Emma Pedreira e Gonzalo Hermo aos premios e á poesía.

Título: Vértice de versos  
Formato: Documental  
Data de produción: 2018  
Duración: 65 mints. (versión ensino: 50 mints.)  
Producción: Carlos Lorenzo  
Guión: Carlos Lorenzo  
Dirección: Carlos Lorenzo  
Música orixinal: Xoán Curiel  
Ilustracións: María Lires  
Edición: Manuel Macou  
Imaxe e realización: Xosé A. Bocixa  
Grafismos: Fran X. Rodríguez  
Posproducción de audio: Alfonso Camarero  
Etalonaxe: Enrique Moro  
Formato de rodaxe: HD 1920×1080  
Aspect ratio: 16:9  
Versión orixinal: galego  
Versións subtituladas: castelán e inglés


# FICHA TÉCNICA

**Baldo Ramos** (Celanova, 1971) cultiva a súa vocación artística dende os 17 anos, cando comeza a escribir poesía.

Ten publicado os seguintes libros: *Raizames* (2001), *A árbore da cegueira* (2002), *Los ojos de las palabras* (2002), *El sueño del murciélago* (2003), *Diario de una despedida* (2005), *Escura e transparente* (2005), *O ourego e o compás* (2006), *Branco sobre negro* (2007), *Monólogo do calígrafo* (2008), *Palimpsesto* (2009), *Palabras para un baleiro* (2009), *A ferida de comprender* (2011), *Cartografía do exilio* (2015) e *Cartas dende o esquenzo* (2018).

Empezou a pintar no ano 1993, expoñendo por primeira vez no ano 1994 en Compostela. Expuxo, tanto en mostras individuais como colectivas, en múltiples salas de Galicia, Portugal e Madrid.

Ten recibido os premios literarios Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Concello de Carral, María del Villar Berruezo, Ciudad de Tobarra, Arcipreste de Hita ou Fiz Vergara Vilariño, entre outros; e no ámbito da plástica, o accésit do XV Certame Galego De Artes Plásticas Xuventude.



**Yolanda Castaño** (Santiago de Compostela, 1977) é poeta, filóloga, videocreadora e unha activa dinamizadora cultural.

Premio Nacional da Crítica 1999, Premio Espiral Maior 2007, Premio Ojo Crítico 2009, Premio Fundación Novacaixagalicia, Premio Irmandade do Libro “Autora do Ano” 2014 e Finalista do Premio Nacional de Poesía, Yolanda conta con 6 poemarios individuais, edicións bilingües (galego-castelán) en Visor Libros para España e Latinoamérica e cinco libros de poesía infantil, ademais doutras obras publicadas como editora ou tradutora de poetas contemporáneos. Traballou durante anos en TV (Premio Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual) e recibiu as bolsas de Escritora en Residencia.

Con case 25 anos de traxectoria na poesía, desenvolve experiencias que fusionan a escrita coa plástica, música, performance, danza, audiovisual ou mesmo coa cocíña, xa sexa soa ou en colaboración con outros/as artistas. A súa obra apareceu representada en multitude de revistas, libros colectivos e antoloxías, así coma en numerosos encontros e festivais de Europa, América, Norte de África e Asia, téndose traducido en parte a máis de 20 linguas. O seu último título é *A Segunda Lingua*.



**Emma Pedreira** (A Coruña, 1978) é narradora e poeta encadrada na Xeración dos 90s, así como membro da Plataforma Feminista de Crítica Literaria A Segá.

En poesía ten publicado *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1998), *Grimorio* (1999), *Corpo* (2001), *As posturas do día* (2001), *Velenarias* (2000), *Os cadernos d'amor e os velenos* (2001), *Casa de orfas* (2005), *Xoguetes póstumos* (2010), *Antítese da ruína* (2010), *Libro das mentiras* (2011), *s/t*, (2015) e *Antídoto* (2017).

Ten gañado case todos os premios máis importantes dedicados á poesía en Galicia, entre eles o Johán Carballeira, o Eusebio Lorenzo Baleirón, o Fermín Bouza Brey, o Fiz Vergara Vilariño, o Concello de Carral, o Novocaixagalicia, o Concello de Vilalba e o Gonzalo López Abente.

En narrativa conta con catro obras publicadas, entre elas *Corazón e demais tripas* (2016) co que gañou o premio Narrativas Quentes.



**Gonzalo Hermo** (Rianxo, 1987) é licenciado en Filoloxía Galega e doutor en Lingüística pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente é profesor asociado da Universitat Autònoma de Barcelona e imparte o curso anual de poesía da Escola de Lletres de Tarragona.

Publicou dous libros de poesía: *Crac* (2011) e *Celebración* (2014), traducido ao catalán (2016) e ao castelán (2017).

Recibiu os premios Xuventude Crea da Xunta de Galicia en 2010, o Premio da Crítica Galega en 2015 e o Premio Nacional de Literatura na modalidade de Poesía Moza "Miguel Hernández" en 2015.

Exerceu puntualmente a crítica literaria para diferentes medios e a tradución de poesía galega contemporánea ao castelán.

É membro fundador da editora-libraría-espazo de creación Chan da Pólvora, con sede en Santiago de Compostela.



# 2 INTERVENEN




**Teresa Seara** (Toén, 1968). É crítica literaria e especialista na poesía galega contemporánea. Ten publicado artigos e recensións en diversos medios de comunicación e son múltiples os prólogos realizados para libros de poetas de Galicia.



**Armando Requeixo** (Mondoñedo, 1971). É escritor, crítico literario e investigador. No seu blog *Criticalia* e en múltiples medios de comunicación repasa a actualidade da literatura galega, Recibiu varias distincións polo seu labor como crítico, investigador e tradutor.




**Alicia Fernández** (Escairón, 1987). Poeta e libreira. Cofundadora da librería e editora Chan da Pólvora. Gañou os premios de poesía Francisco Añón, Díaz Jácome, Fernández del Riego, Ánxel Casal e Minerva. No 2005 publica o seu primeiro libro de poemas *Botar o mar polos ollos*.




**Antía Otero** (A Estrada, 1982). Poeta, actriz e cofundadora de Apiario Editora. Traballa arredor da práctica escénica e da escrita. Gañou o premio Francisco Añón con *De porta un horizonte*. Leva anos dedicada a coordinar cursos de arte, poesía e escrita creativa.




**Dores Tembrás** (Bergondo, 1979). Poeta, investigadora e cofundadora de Apiario Editora. Además de ter publicado en varias obras colectivas, ten poemarios propios publicados en Espiral Maior. Con *Cronoloxía da urxencia* obtivo o premio Concello de Carral e o Fervenzas Literarias.



**Cesáreo Sánchez Iglesias** (Irixo, 1951). Poeta de extensa obra e presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Foi director de Edicións A Nosa Terra e do semanario do mesmo nome. Entre os premios que obtivo pola súa poesía destaca o Esquíno no ano 2000 por *O rumor do distante*.



**Eduardo Estévez** (Bos Aires, 1969). Poeta e tradutor, cunha extensa obra publicada, tanto con títulos propios como en libros colectivos. Experimenta habitualmente con experiencias de creación poética nas redes. Recibiu, entre outros, os premios Lorenzo Baleirón, Illas Sisargas e Concello de Carral.




**Celia Parra** (Ourense, 1990). Poeta, produtora e vídeocreadora. É especialista en vídeopoesía e a produtora executiva do documental *Versogramas*. Ten poemas incluídos en varias obras colectivas e na rede ten pendurados outro tipo de creacións poéticas. No 2009 publicou *No berce das mareas*.




**Luís G. Tosar** (Bos Aires, 1952). Profesor, poeta e presidente do Centro PEN Galicia desde 1995. Coordinou a colección Dombate de poesía, foi fundador e director da revista Dorna e é un habitual colaborador en diversos medios de comunicación. Conta con varios premios literarios e xornalísticos.




**Rosalía Fernández Rial** (Carballo, 1988). Como escritora ten publicados varios libros de poesía, aínda que tamén outros de ensaio e narrativa. Investigadora sobre a didáctica das linguas, da literatura e da expresión dramática, é habitual vela en proxectos que fusionan as dimensións literaria, corporal, escénica e experimental.



**Oriana Méndez** (Vigo, 1984). É poeta con varios libros publicados, o primeiro en 2007 titulado *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*. Obtivo o premio Concello de Carral con *O que precede a caída é branco*. Ten participado en revistas e obras colectivas. Como membro das Redes Escarlata colaborou no libro *Xuro que nunca volverei pasar fame*.



**Modesto Fraga** (Fisterra, 1974). Poeta e libreiro. Foi membro fundador do Batallón Literario da Costa da Morte, do Consello editorial de Letras de Cal e directivo no Centro PEN Galicia. Ten recibido moitos premios literarios, publicou sete libros de autoría única e mais de vinte colectivos.



**Miguel Anxo Fernán Vello** (Cospeito, 1958). É escritor, editor e actualmente deputado nas Cortes Xerais. É un dos poetas galegos con máis recoñecemento, cunha extensa obra poética e fundador de Edicións Espiral Maior, principal editorial galega na edición de poesía.



**María Lado** (Cee, 1979). Poeta e actriz. Foi membro do Batallón Literario da Costa da Morte. Con Lucía Aldao forma un proxecto poético, humorístico e musical ao que chaman Aldalado e que leva a poesía polos escenarios. Os seus poemas están incluídos en múltiples antoloxías e publicados en varios libros de autoría única.



**Ismael Ramos** (Mazaricos, 1994). É poeta con varios libros publicados, entre os que destacan *Os fillos da fame* (2016) e *Lumes* (2017). Publicou en webs e revistas. Conseguiu varios premios de poesía, entre eles o Francisco Añón e o Johán Carballeira.



VÉRTICE de VERSOS



# O DIRECTOR CARLOS LORENZO

Vértice de Versos é a primeira longametraxe documental de Carlos Lorenzo. A súa principal actividade profesional é a xestión cultural na administración pública. No artístico ten unha traxectoria como fotógrafo con diversos libros publicados e varias exposicións individuais e colectivas por Galicia.

No ámbito audiovisual estudou Produción na Escola de Imaxe e Son da Coruña. Conta con experiencia como guionista, en diversas funcións de produción ou como coordinador de dobraxe en curtametraxes de animación como Unha viaxe rodada, Acceso libre e Mellor viaxar ou en traballos de vídeo industrial.

Para acometer este proxecto no que a poesía é tema central, é esencial a súa relación co mundo literario como coordinador técnico do premio de Poesía Concello de Carral, un dos certames mais importantes de Galicia. No 2017, cando o certame cumpríu 20 anos, fixo, xunto a Xosé A, Bocixa un documental que repasa as dúas décadas do premio.

En Vértice de Versos asume o rol de produtor, guionista e director.



# AS ILUSTRACIÓNS

## MARÍA LIRES



Desde o 2001 María Lires acumula unha rica traxectoria como ilustradora, con preto de 50 libros, ademais de carteis e murais. O libro *Bechos Pequerrechos* é da súa autoría, tanto das ilustracións como dos textos. É habitual atopala como docente de obradoiros de ilustración para todas as idades.

*Vértice de Versos* é a súa primeira experiencia audiovisual, encargándose de ofrecer unha imaxe fresca e novidosa dos nosos clásicos da poesía, así como doutros elementos que lle outorgan beleza ao documental.

# A MÚSICA

## XOÁN CURIEL



Xoán Curiel é compositor e cantautor cunha extensa traxectoria no ámbito da música e do teatro. Na súa discografía, que comeza no 2009 con *Nai*, reúnense diversos estilos musicais e cancións infantís. Prodígase en xiras polo estranxeiro en diferentes espectáculos e festivais principalmente vencellados á lusofonía e á música de autor. Ten sido candidato en varias ocasións a premios da música, gañando con *Magnético Zen* o Premio ao Mellor Álbum en Lingua Galega na V Edición dos Premios da Música Independente.

En *Vértice de Versos* encárgase da música orixinal, achega a súa canción *Novas* e compón co poema de Modesto Fraga, *Coa razón dos sentidos*, o tema principal do documental.



## IMAXE E REALIZACIÓN

XOSÉ A. BOCIXA

Foi vídeoxornalista en A Nosa Terra dixital e colaborador dos xornais Praza e Galicia Confidencial. Dirixiu documentais como As Encrobas a ceo aberto, 100 anos de A Nosa Terra, Rosa de Corcoesto e 20 anos do Premio de Poesía Concello de Carral.


No rock galego é recoñecido por ser a voz do veterano



## EDICIÓN

MANUEL MACOU

Amante do cine, o teatro e os xogos de mesa é montador no audiovisual galego: A Caixa Negra (serie documental), Fútbol de Alterne (longametraxe ficción), Gran Cambio (docusoap), Casamos (docusoap), CoraSons (longametraxe documental), Casa Manola (serie ficción) e Ímos Indo (serie documental) entre outras producións.



## GRAFISMOS

FRAN X. RODRÍGUEZ

É director e realizador nos eidos da ficción e a publicidade. É coñecido o seu traballo como grafista e as súas orixinais pezas de animación para televisión e internet. Como director de ficción obtivo recoñecemento a nivel nacional e internacional coa curtametraxe "Ladrones de Tiempo" conseguindo 12 premios nacionais e internacionais e proxectándose en 50 dos festivais máis prestixiosos do mundo ó longo de 15 países.



## POSPRODUCCIÓN

### DE AUDIO

ALFONSO CAMARERO


Alfonso Camarero á a alma mater de Gourmetsound Estudio, o estudio de referencia na Coruña para publicidade e documentais. Alfonso é músico, cineasta e técnico de son, polo que coñece a fondo non só a técnica, senón tamén a linguaxe cinematográfica.



### ETALONAXE

ENRIQUE MORO

A súa traxectoria profesional comeza no 2000 e abarca todos os departamentos técnicos de realización, edición e posproducción, así como a coordinación técnica de todo tipo de proxectos audiovisuais. A súa especialidade é a posproducción, etalonaxe e a corrección de cor.



VÉRTICE de VERSOS



# AS LOCALIZACIÓNS

Vértice de Versos rodouse por múltiples lugares de Galicia, aproveitando algúns dos espazos emblemáticos da poesía galega. Entre esas localizacións podemos citar:

- Cidade da Cultura (Santiago)
- Casa dos Poetas - Fundación Curros Enríquez (Celanova)
- A Ínsua dos Poetas (Carballiño)
- Carballo
- Costa da Morte
- Biblioteca de Monte Alto (A Coruña)
- Monte de San Pedro (A Coruña)
- Oleiros
- Pazo de San Roque (Santiago)
- Bonaval (Santiago)
- Teo
- Casa da Cultura de Carral
- Café Badía (Vigo)
- Librería Chan da Pólvora (Santiago)
- Librería A Lus do Candil (Arteixo)
- Apiario (A Coruña)


# A WEB

<http://verticedeversos.gal>

Vértice de Versos é algo máis que un documental. É un proxecto que contribúe a visibilizar e coñecer algúns aspectos da poesía galega e das súas autoras e autores.

O documental descúbrese como un recurso útil para que a mocidade, na súa etapa educativa, poida enriquecer a aprendizaxe da literatura galega dun xeito atractivo. Pola súa banda, todas aquelas persoas que se queiran achegar á poesía de Galicia, atoparán na web múltiples vídeos con entrevistas, recitados e vídeopoemas.

verticedeversos.gal é o complemento ao documental para profundar máis no coñecemento da poesía galega actual.



The screenshot displays the website's interface. At the top, there is a navigation menu with the following items: HOME, O DOCUMENTAL, VÍDEOS, DESCARGAS, GALERÍA, NOVISE, and CONTACTO. A search icon is also present. The main content area features a large video player showing a man speaking. Below the player, the section "Últimos vídeos" (Latest videos) contains two video thumbnails. The first thumbnail shows a man with a blue scarf and a microphone, with the caption "MÚSICA, VÍDEOS DO DOCUMENTAL: Canción 'Coa razón dos sentidos' de Xoán Curriel" and "4:58 min.". The second thumbnail shows a man in a white shirt standing in front of a stone wall, with the caption "ENTREVISTA, VÍDEOS DO DOCUMENTAL: Ismael Ramos" and "4:58 min.".

# COLABORADORES



XUNTA DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA



CONCELLO  
DE CELANOVA



Concello de  
CARRAL



Concello de Oleiros  
Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



## CONTACTO

Carlos Lorenzo

tel. 609 328 657

[verticedeversos@gmail.com](mailto:verticedeversos@gmail.com)

<http://verticedeversos.gal>